CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN ESTATAL DE ACOGIMIENTO FAMILIAR POR SUS DERECHOS (ASEAF) NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PILOTO PARA A PLANIFICACIÓN SIMULTÁNEA E DE DOBRE PROPÓSITO NA PROTECCIÓN DA INFANCIA DE 0 A 6 ANOS.

No lugar e na data da súa sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024 do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991.

E doutra parte, Helena Escalada Pardo, con NIF 33.438.602-Y, na súa condición de Directora Xeral da Asociación Estatal de Acogimiento Familiar por sus Derechos (en adiante ASEAF), actuando en nome e representación da asociación con CIF G-83311472, en virtude do disposto no artigo 18 dos seus Estatutos, así como das facultades de representación outorgadas por acordo da Xunta Directiva celebrada o 28 de xaneiro de 2026, que foi elevado a público polo Notario don José María de Prada Guaita, en Éibar, o 20 de febreiro de 2026 (poder especial protocolo número cento oitenta e sete).

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para formalizar o presente Convenio e, para ese efecto,

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

EXPOÑEN

Primeiro. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. Que a Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España dende o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude da dita competencia aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica, ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Quinto. Que ASEAF é unha entidade sen ánimo de lucro cuxa misión é promover e impulsar asociacións de acollemento familiar a través do apoio ás familias acolledoras, reivindicando o dereito de todos os nenos, nenas e adolescentes a medrar en familia e ao vínculo coas súas orixes. A entidade está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións, sección 2ª baixo o número nacional 51243.

Sexto. Que ASEAF, para a execución da operación denominada: "PROXECTO PILOTO PARA A PLANIFICACIÓN SIMULTÁNEA E DE DOBRE PROPÓSITO NA PROTECCIÓN DA INFANCIA DE 0 A 6 ANOS", no marco do Programa FSE+ de Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita contra a Pobreza, dentro da liña de actuación 6.K.03 (Terceiro Sector Acción Social): Pilotos para o testeo da adopción aberta, cun prazo de execución previsto de 36 meses, foi seleccionada como entidade beneficiaria en virtude da Resolución do 26 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publicou a relación definitiva dos proxectos aprobados no marco da convocatoria para a selección de operacións do Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita Contra a Pobreza, cofinanciado co Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

Sétimo. Que o antedito proxecto ten como finalidade mellorar a toma de decisións nos casos de nenos e nenas de 0 a 6 anos baixo medidas de protección, promovendo a estabilidade temperá nunha contorna familiar adecuada e reducindo cambios non planificados.

O modelo de intervención recollido no proxecto baséase no desenvolvemento simultáneo e coordinado de dous itinerarios de planificación: por unha banda, o dirixido á reunificación coa familia de orixe, cando esta sexa compatible co interese superior da persoa menor; e por outra banda, o orientado á integración estable do menor nunha contorna familiar alternativa mediante acollemento familiar permanente ou adopción cando o retorno non resulte viable.

A aplicación deste modelo require a participación coordinada dos servizos competentes, das familias de orixe, das familias acolledoras ou adoptivas e das demais persoas profesionais intervinientes, así como unha valoración rigorosa e unha adecuada selección, preparación e acompañamento da familia alternativa. Todo iso deberá realizarse preservando o dereito da persoa menor a ser oída e informada de forma adaptada á súa idade e madurez e atendendo ás súas necesidades específicas.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

Este enfoque resulta conforme cos principios establecidos na Convención sobre os Dereitos do Neno, coas observacións xerais do Comité dos Dereitos do Neno e coa Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil, e permite articular unha intervención axeitada baseada nos dereitos da infancia e da adolescencia.

Oitavo. Que, polo interese que as dúas partes comparten en desenvolver modelos innovadores de protección da infancia, é desexo de ambas concretar a súa colaboración para desenvolver accións pertinentes dirixidas á consecución da finalidade antes exposta.

Dentro das respectivas competencias e funcións de cada entidade para a consecución desta finalidade, a colaboración materializarase, entre outras, nas seguintes actuacións:

- O desenvolvemento paralelo dun plan de reunificación familiar e dun plan de estabilidade nunha contorna de coidado familiar alternativa, coa revisión periódica da súa evolución e viabilidade.
- A identificación, valoración, selección, preparación e acompañamento de familias dispoñibles para prestar acollemento familiar de longa duración de cara á súa posible consideración como alternativa familiar estable ou permanente cando a reunificación non resulte viable.
- A facilitación de transicións planificadas e flexibles entre as distintas medidas e modalidades de protección, incluídas cando proceda, as transicións entre o acollemento familiar, a reunificación e a adopción, evitando demoras innecesarias e garantindo en todo caso o respecto ao interese superior da persoa menor.
- A participación efectiva das familias de orixe e das familias acolledoras ou adoptivas ao longo do proceso de intervención, nos termos que resulten compatibles coa protección da persoa menor e coas decisións adoptadas pola entidade pública competente.
- O seguimento e a avaliación continuados das posibilidades de reunificación familiar e, cando as perspectivas de retorno non sexan favorables, a activación temperá da planificación dunha alternativa familiar estable.

As actuacións desenvolveranse de acordo co proxecto presentado por ASEAF á Consellería de Política Social e Igualdade, que se incorpora como anexo ao presente convenio e forma parte integrante deste.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

En virtude do anterior, as partes acordan subscribir o presente Convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e ASEAF, para a correcta execución do "Proxecto piloto para a planificación simultánea e de dobre propósito na protección da infancia de 0 a 6 anos" no territorio da Comunidade Autónoma, garantindo a coordinación técnica, o adecuado seguimento dos casos e o cumprimento das obrigas derivadas do financiamento FSE+

SEGUNDA. Compromisos da Consellería de Política Social e Igualdade.

A Consellería de Política Social e Igualdade participará activamente na execución do proxecto no marco das súas competencias legais e comprométese en particular ás seguintes actuacións:

1. Selección e derivación de casos conforme aos criterios técnicos establecidos no proxecto. Para este fin, seleccionaranse un mínimo de 12 nenos.

2. Elaboración do Plan Individualizado, Plan de Visitas e, no seu caso, programa de reunificación familiar.

3. Recepción e valoración dos informes técnicos emitidos polo equipo técnico da entidade encargado do desenvolvemento do proxecto, así como comunicación por escrito de decisións emitidas pola consellería sobre reunificación ou estabilización.

4. Participación en reunións periódicas de coordinación co equipo técnico de referencia do NNA, polo menos trimestrais.

5. Facilitación do acceso a datos necesarios e colaboración na incorporación de indicadores de resultados.

6. Participación nos procesos de avaliación do proxecto.

7. Apoiar a difusión do proxecto no seu ámbito competencial, facilitando que os equipos técnicos e profesionais implicados coñezan o proxecto piloto e os seus procedementos.

8. A sinatura do presente Convenio de Colaboración non implica compromiso de achega económica por parte da Administración.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

TERCEIRA.- Compromisos de ASEAF

ASEAF comprométese a:

a) Executar o proxecto segundo foi aprobado, con sometemento ao DECA e ás instrucións determinadas en cada caso pola Consellería de Política Social e Igualdade.

b) Comunicar á Consellería e aos seus departamentos territoriais correspondentes calquera novidade que teña lugar en relación tanto coa execución do proxecto piloto como con respecto das familias acolledoras e adoptivas.

c) Manter un sistema de xestión que asegure a rastrexabilidade das actuacións realizadas.

d) Participar nas reunións cos e coas profesionais que estableza a Consellería de Política Social e Igualdade para a análise e supervisión dos casos, así como para a análise do funcionamento do proxecto.

e) Participar en entrevistas ou outras actuacións conxuntas en relación con persoas usuarias ou beneficiarias, segundo o que estableza para cada NNA o seu respectivo Plan Individualizado de Protección.

f) Emitir cantos informes se soliciten por parte da Consellería.

g) Trasladar, no seu caso, ao departamento territorial correspondente da Consellería con carácter semestral a documentación da que dispoña ASEAF dos expedientes pechados, para o seu arquivo.

h) Implantar un sistema de enquisas de satisfacción cuxo enchemento se solicitará ás persoas usuarias cada seis meses e á finalización da súa intervención, debendo remitir copia das mesmas aos departamentos territoriais correspondentes da Consellería.

CUARTA.- *Condicións económicas*

O presente Convenio non implica compromiso económico nin transferencia financeira entre as partes.

Cada entidade asumirá cos seus propios medios os custos derivados da súa participación nas actividades contempladas no presente Convenio, sen prexuízo do financiamento propio do proxecto, concedida a ASEAF no marco do Programa FSE+.

QUINTA.- C*omunicación e visibilidade do FSE+*

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

As actuacións desenvolvidas no marco do presente Convenio deberán respectar as obrigas de información, comunicación e visibilidade establecidas para os proxectos financiados polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+), de acordo coa normativa europea e nacional aplicable.

En particular:

a) Garantirase a adecuada visibilidade do emblema da Unión Europea e da referencia ao FSE+ nas actuacións, materiais e actividades de difusión que procedan.

b) Farase referencia expresa ao Programa FSE+ de Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita contra a Pobreza.

c) Aplicaranse as normas de comunicación e visibilidade establecidas na regulación europea, na resolución de 26 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Derechos Sociales, pola que se publica a relación definitiva dos proxectos aprobados no marco da convocatoria para a selección de operacións do Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil y Lucha Contra la Pobreza, cofinanciado con el Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e no documento de condicións da axuda, con cargo a dito Fondo a favor de ASEAF.

SEXTA.- Protección de datos e confidencialidade.

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, na normativa específica aplicable en materia de protección á infancia e á adolescencia e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos.

2. As partes obríganse a utilizar os datos que xestionen única e exclusivamente para os fins do presente convenio de colaboración e a gardar secreto profesional respecto de todos os datos de carácter persoal que coñezan, así como aos que teñan acceso nas actuacións a desenvolver como cumprimento deste convenio. Igualmente, as partes obríganse a custodiar e impedir o acceso aos datos de carácter persoal a calquera terceiro alleo ao presente convenio. Estes datos poderán empregarse exclusivamente para os fins previstos neste convenio, non podendo empregalos con ningún outro obxecto, incluíndo estudos ou investigacións.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

3. A finalidade deste tratamento é a atención a unha finalidade de interese público, que é o interese superior das persoas menores de entre 0 e 6 anos de idade en cuxo beneficio se realizan as accións contempladas por este convenio (artigo 6.1.e do RGPD).

Así mesmo, o persoal comprométese a observar o deber de segredo, mantendo absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do convenio. Dita obriga subsiste incluso despois de extinguida a súa relación.

As obrigas en materia de protección de datos persoais contidas nesta cláusula, exténdense a toda persoa que puidera intervir en calquera fase de execución das actuacións a desenvolver para dar cumprimento a este convenio. Así, as partes comprométense a facer coñecedoras do contido desta cláusula a ditas persoas.

Non se comunicarán os datos persoais a terceiros destinatarios agás obriga legal.

As obrigas aquí sinaladas en materia de protección de datos subsistirán para ambas partes aínda despois da fin da vixencia do convenio de colaboración.

SÉTIMA.- ***Comisión de seguimento***

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade ASEAF, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as persoas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da consellería designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de familia, infancia e adolescencia.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de familia, infancia e adolescencia, designada pola persoa titular da presidencia, actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA.- ***Vixencia***

O presente Convenio terá unha duración de 3 anos dende a súa sinatura, sen prexuízo do prazo máximo de execución do proxecto determinado na Resolución do 4 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se aproba a convocatoria para a selección de operacións no marco do Programa de Inclusión Social, Garantía Infantil e Loita contra a Pobreza, cofinanciado co Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

NOVENA.- ***Modificación do convenio***

Calquera modificación do presente Convenio deberá formalizarse mediante acordo expreso das partes, a través da correspondente addenda.

DÉCIMA.- ***Extinción e resolución***

O Convenio poderá extinguirse por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia.

b) Acordo mutuo das partes.

c) Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.

d) Imposibilidade sobrevinda de executar as actuacións previstas.

e) Por decisión xudicial que declare a nulidade do Convenio

DÉCIMO PRIMEIRA.- ***Natureza xurídica e cuestións litixiosas***

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polos principios xerais establecidos na lexislación sobre contratación pública, para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións que poida suscitar a aplicación do presente convenio serán resoltas polos tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

DÉCIMO SEGUNDA.- ***Publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

ASEAF terá a obriga de subministrarlle á Consellería toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar indicado e na data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e Igualdade	Pola Asociación Estatal De Acogimiento Familiar Por Sus Derechos (ASEAF)
A conselleira	A directora xeral
Fabiola García Martínez	Helena Escalada Pardo

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I: PROGRAMA

1. Finalidade

O presente programa ten por finalidade mellorar a toma de decisións nos casos de nenos e nenas de entre 0 e 6 anos suxeitos a medidas de protección, promovendo a súa estabilidade temperá nunha contorna familiar adecuada, reducindo a incerteza e evitando cambios non planificados que poidan afectar negativamente ao seu desenvolvemento, benestar e vinculación afectiva.

O programa fundaméntase na planificación simultánea e de dobre propósito, entendida como unha metodoloxía de intervención que permite desenvolver de forma paralela e coordinada:

a) Un itinerario dirixido á reunificación coa familia de orixe cando iso resulte compatible co interese superior do neno ou a nena.

b) Un itinerario orientado á constitución dunha alternativa familiar estable e permanente para o suposto de que a reunificación non resulte viable dentro dos prazos e condicións establecidos pola entidade pública competente.

2. Poboación destinataria

Serán destinatarios do programa:

• Nenos e nenas de entre 0 e 6 anos que se atopen baixo medidas de protección da Comunidade Autónoma de Galicia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

• As súas familias de orixe.

• As familias que participen no proceso de planificación simultánea.

A selección dos casos realizarase pola Consellería de Política Sociale e Igualdade, de conformidade cos criterios técnicos establecidos no proxecto e en coordinación co equipo técnico designado por ASEAF. Prevese a incorporación dun mínimo de doce casos durante a vixencia do proxecto.

3. Principios de intervención

As actuacións desenvolveranse consonte os seguintes principios:

• Interese superior do neno ou nena.

• Dereito a crecer nunha contorna familiar estable.

• Preservación e fortalecemento dos vínculos familiares cando resulte compatible coa protección da persoa menor.

• Participación efectiva das familias implicadas.

• Toma de decisións baseada na avaliación continua e en evidencias.

• Coordinación interprofesional e interdisciplinar.

• Respecto aos dereitos da infancia e adolescencia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

4. Actuacións do programa

Fase 1. Selección e derivación de casos

A Consellería de Política Social e Igualdade identificará e derivará os casos que reúnan os criterios de inclusión establecidos.

Para cada caso derivado facilitarase a información necesaria para a elaboración do plan de intervención, garantindo o cumprimento da normativa de protección de datos e confidencialidade.

Fase 2. Avaliación inicial e planificación

Unha vez incorporado o caso, o equipo técnico do proxecto piloto realizará:

- Revisión da información dispoñible.
- Análise de factores de protección e risco.
- Valoración das posibilidades de reunificación familiar.
- Valoración das necesidades específicas do neno ou nena.
- Colaboración na elaboración do Plan Individualizado de Protección que elabora a entidade pública.

Este plan incluirá:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

- Obxectivos de intervención.
- Plan de visitas.
- Actuacións coa familia de orixe.
- Indicadores de seguimento.
- Calendario previsto de revisión.

Fase 3. Desenvolvemento simultáneo dos dous itinerarios

Durante esta fase desenvolveranse paralelamente:

Itinerario de reunificación

- Intervención coa familia de orixe.
- Seguimento dos obxectivos establecidos.
- Apoio á mellora de competencias parentais cando cumpra.
- Avaliación periódica da evolución familiar.

Itinerario de estabilidade familiar

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

• Identificación e valoración de familias dispoñibles.

• Selección e preparación específica de familias acolledoras.

• Acompañamento profesional ás familias participantes.

• Planificación anticipada dunha alternativa estable para o suposto de imposibilidade de retorno.

5. Seguimento e coordinación

O seguimento desenvolverase mediante:

• Reunións periódicas de coordinación entre os equipos técnicos da Consellería de Política Social e Igualdade e o do proxecto piloto.

• Revisión continuada dos obxectivos establecidos.

• Elaboración de informes técnicos trimestrais.

• Emisión de informes de visitas.

• Elaboración de informes de estabilización cando corresponda.

• Elaboración dun informe final de cada caso.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

A entidade pública competente comunicará as decisións relativas á reunificación familiar ou á consolidación dunha alternativa familiar estable, conforme ás súas competencias legais.

6. Resultados esperados

O programa perseguirá os seguintes resultados:

- Incrementar a estabilidade dos nenos e nenas participantes.
- Reducir cambios sucesivos de recursos de protección.
- Mellorar a calidade e rapidez da toma de decisións.
- Favorecer reunificacións familiares seguras cando sexan viables.
- Facilitar alternativas familiares estables cando o retorno non sexa posible.
- Xerar evidencias e aprendizaxes transferibles ao sistema público de protección infantil de Galicia.

7. Avaliación

A avaliación do programa realizarase mediante indicadores cuantitativos e cualitativos referidos, entre outros aspectos, a:

- Número de casos incorporados.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: GARCIA MARTINEZ, FABIOLA
Cargo: Conselleira
Data e hora: 23/10/2026 12:37:22

- Cumprimento dos plans individualizados.
- Evolución dos obxectivos de reunificación.
- Estabilidade das medidas adoptadas.
- Participación das familias.
- Satisfacción dos profesionais e familias participantes.
- Resultados de permanencia e estabilidade alcanzadas polos nenos e nenas.

Os resultados serán analizados conxuntamente por ASEAF e a Consellería de Política Social e Igualdade co fin de valorar a posible extensión das innovacións que demostren efectividade.

Asinado por: ESCALADA PARDO, HELENA
Cargo: Directora Xeral (Asociación Estatal de Acollimento Familiar por sus Derechos)
Data e hora: 23/10/2026 12:23:57

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 6LuQtVBzRb1 https://sede.xunta.gal/cve